



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 3 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan Verbalmente A Súa Asistencia Os Concelleiros D^a. Maria Isabel Rodriguez Lopez, D^a. Lara Fernandez Fernández-Noriega, así como a interventora, D^a. María Rosa Abelleira Fernández.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

En primeiro lugar, antes de proceder a tratar os asuntos que figuran na orde do día da convocatoria da presente sesión, procédese á ratificación da urxencia, por unanimidade dos presentes.

A urxencia da sesión fundaméntase pola Alcaldesa no escaso prazo para a xustificación da adxudicación do expte. 2898/2016, e no escaso prazo para a xustificación da execución das obras no expte. 984/2016.

1.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

EXPTE. 2898/2016. - APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Visto o expediente de contratación CT 2016/11, (expte. 2898/2016) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro”.

Visto o informe da Secretaría Xeral e a conformidade de Intervención, no que se sinala, entre outros aspectos, os pasos a seguir para a aprobación do proxecto e que debe contarse previamente á tramitación do expediente de contratación con todas as autorizacións sectoriais necesarias.

Visto que o expediente conta, na presente data, con todas as autorizacións sectoriais necesarias, recollidas no proxecto da obra: “Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro”,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra “Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro”, redactado polo arquitecto de obras en xullo de 2016, e cun orzamento de execución por contrata de 92.928,50 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación “Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro”, cun orzamento total de 92.928,50 euros, IVE incluído, cun prazo de duración de tres meses, así como a aprobación do gasto.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
64.538, 16€	16.128, 09€	92.928,50 €

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade de carácter urgente.

Quinto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, Santiago Meitín Míguez.

Sexto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CALFERLO, S.L. – Pol. Ind. de Camba / parcela 56-57; 27850 Xove (Lugo).
- EXCAVACIONES ISIDORO, S. L. – C/Vilar, 10; 27880 Burela (Lugo).
- EXCAVACIONES RAMSEI, S. L. – C/Alvaro Cunqueiro, 38- local 1; 27780 Foz (Lugo).

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. - Lg. Lagar, s/n, Cuiña; 15330 Ortigueira (A Coruña).

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

EXPTE. 984/2016.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry" (Expte. CT 2016/12).

Visto o informe emitido polo encargado do servizo de contratación, no que se sinala que a Mesa de Contratación levada a cabo as 10 horas da mañá de hoxe, 3 de novembro de 2016, vistas as ofertas presentadas, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa "Carferlo S.L.", con CIF B-27.227.388, por un importe total, IVE engadido de 94.925,52 € e por un prazo de 2 meses. Sinálase no referido informe que as ofertas presentadas e a puntuación outorgada ás empresas licitadoras foi a seguinte:

		OFERTAS (Importes con IVE)	PUNTOS
Excavaciones Isidoro S.L.	Económica	95.092,50 €	19,96
	Prazo	2 meses	0
Villasuso Ortegal S.L.	Económica	95.500,00 €	19,88
	Prazo	2 meses	0
Carferlo S.L.	Económica	94.925,52 €	20
	Prazo	2 meses	0
Excavaciones Ramsei S.L.	Económica	95.300,80 €	19,92
	Prazo	2 meses	0

Visto que, segundo o referido informe do encargado do servizo de contratación, a Mesa de Contratación efectuou proposta de adxudicación do contrato en sesión de 3 de novembro de 2016, a favor da empresa "Carferlo. S L.", en base a que a mellor oferta foi a presentada pola referida empresa:

Oferta económica	Económica	94.925,52 €
	Prazo	2 meses

Tendo en conta o establecido no artigo 151 do TRLCSP así como na cláusula



Concello de Viveiro

20 do prego de cláusulas administrativas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa “*Carferlo. S.L.*”, con CIF B-27.227.388, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de cinco días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a súa ncontinuidade do expediente ata a súa conclusión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:15 horas do día 3 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.